

# INTRES, UNHA ESCOLA DE XORNALISTAS

RODRIGO AYUDE

EXDIRECTOR DO INTRES

ESTUDANTE DE 3º DE XORNALISMO NA UNIVERSIDADE DE NAVARRA

O xornalismo é unha profesión moi esixente. Todas o son, pero a nosa dun xeito particular. Non hai outro motivo que o de convivir con ela as vinte e catro horas do día. Non podemos pechar a nosa oficina ás catro do serán para ocuparnos doutras actividades. É un traballo que enche toda a nosa vida, non hai outro maneira de exercitalo.

Cada un de nós, redactores ou lectores do Intres, temos a sorte de poder ser xornalistas do día a día. Unha oportunidade de ouro para informar, formar e entreter, quizáis nun ámbito máis ben cercano, pechado, familiar, pero ao final un ámbito no que xeramos información e opinión. Intres danos a oportunidade. Por eso, un pequeno esforzo para a revista é un gran avance nunha tarefa de todos: construír unha sociedade xusta e con valores.

Hai que dicir, naturalmente, que o xornalismo pódese desempeñar de forma plena en dous niveis moi distintos. No nivel artesanal, como sucede no noventa por cento dos casos, en nada se diferencia a nosa profesión da de un zapateiro ou a de un xardineiro. Pero hai un nivel máis elevado e creativo: É aquel no que poñemos un pouco da nosa individualidade e da nosa ambición. Mais para exercer a verdadeira profesión requírese toda a nosa alma, a nosa dedicación,


o noso tempo.

Recordo moi a miúdo aqueles anos nos que con moita honra puideron dirixir a revista do IES. Foron anos de esforzo por parte da redacción, maquetación e deseño da revista, pero anos gratificantes. Anos dun traballo en equipo para os demais, no que quixemos poñer con moito traballo tódos os nosos coñecementos.

Non pode pasar desapercibido un agradecemento aberto a todo o equipo de profesorado. Teñen encomendada unha tarefa importantísima. Hoxe, moi preto do futuro profesional, o que podo escribir nesta revista comezou ahí, con eles. Non fai máis que continuar.

Intres non só é unha revista. É un compromiso. E nese compromiso a obriga non conta. Conta o traballo voluntario, a dedicación constante e leda, as horas de traballo, as gratificacións dos lectores... pero sobre todo o coñecemento adquirido, porque ningún pode dar do que non ten, e se algo temos de verdade os que tivemos a sorte de estudar neste IES son os coñecementos dun profesorado que nos soupo esixir, axudar e conducir.

Ademais de darvos as grazas, quero animar e facer ver que Intres pode ser un



comezo ou un camiño para a vida intelectual, un trampolín cara o xornalismo de verdade, un instrumento ao alcance de todos e no que se adquiren tantos hábitos de traballo, de reflexión, de mirada crítica. En definitiva, unha vagaxe cultural impagable e un esforzo que nos fai mellores.

Un bon xornalista profundiza nos seus coñecementos. Hai profesións nas que o estudo finaliza cun diploma. Non é a nosa. No xornalismo a actualización e o estudo son a conditio sine qua non. O noso traballo consiste en investigar e describir o mundo contemporáneo que está nun continuo, profundo, dinámico e revolucionario cambio. Por eso cómpre estudar e aprender con constancia. O xornalismo é unha profesión moi esixente, todas o son, pero a nosa dun xeito particular.